

Xéneros menores da lírica profana

Facemos referencia, dentro dos denominados **xéneros menores ou híbridos**, a un pequeno conxunto de cantigas con características propias.

A tenzón

Poema dialogado no que **dous trobadores**, alternando as súas intervencións, **se satirizan** reciprocamente ou sosteñen opinións opostas sobre un tema.

As **cobras** adoitan ser **dobras** (cambio de rima cada dúas) e o segundo interviniente dispón do mesmo espazo e esquema ca o primeiro.

Conservamos unhas **trinta tenzóns** na nosa lírica medieval

A cantiga de seguir

Composición que consiste en **imitar** outro poema xa existente (a música, a música e a rima, ou tamén o refrán).

Só se conservan **tres** exemplos, dos cales se descoñecen os modelos imitados.

O pranto

Cantiga na que o trobador expresa a **dor pola morte dunha persoa** de clase social alta e eloxia as súas virtudes. Xeralmente, o finado adoita ser o protector e mecenas do poeta.

Consérvanse **cinco** prantos en galego-portugués, catro dos cales son da autoría de Pero da Ponte. Neles cántase a morte de altos personaxes, como a raíña Beatriz de Suavia, porén, o máis notable é o dedicado ao rei Fernando III o Santo, morto en 1252.

A pastorela

Composición dialogada, de orixe occitana, na que se desenvolve o **encontro entre un cabaleiro-trobador e unha pastora**.

No ámbito galego-portugués o xénero está fortemente interferido por fórmulas autóctonas da cantiga de amor ou de amigo, polo que dos sete textos que conservamos, tan só un reúne varias das características do xénero provenzal.

O descordo

Tipo de cantiga de orixe provenzal que presenta variacións en cada cobra.

A cantiga de amor de Nuno Eanes Cerzeo que remata «**meu descord'acabarei**» é o único texto galego-portugués que conservamos destas características. Está formado por nove estrofas e cada unha delas presenta un esquema métrico e melódico diferente.

Lourenço, soías tu guarecer
como podías, per teu citolom,
ou ben ou mal, non ti digu'eu de non,
e vejo-te de trobar trameter,
e quero-r'eu d'esto desenganar:
ben tanto sabes tu que é trobar
ben quanto sab'o asno de leer.

Joand'Avoin, ja me cometer
veeron muitos por esta razon
que mi dizian, se Deus mi perdon,
que non sabia'n trobar entender,
e veeron por én comigu'entençar,
e figi-os eu vençudos ficar;
e cuido vos d'este preito vencer.

JohanPerezd'Avoin e Lourenço

¡Que ben sse soub'acompanhar
Nostro Senhor esta sazon!
Que filhou tan bon companhon,
de qual vus eu quero contar:
rei don Fernando, tan de prez,
que tanto ben no mundo fez,
e que conquis de mar a mar!

Pero da Ponte

Quand'eu un dia fui en Compostela
en romaria, vi unha pastor
que, pois fui nado, nunca vi tan bela,
nen vi outra que falasse milhor,
e mandei-lhe logo seu amor
e fiz por ela esta pastorela.

Pedro Amigo de Sevilh